




FACULTADE DE MATEMÁTICAS



ESTALMAT



galicia

2022

Proxecto para o
Estímulo do Talento en Matemáticas
de estudantes que naceron en 2008, 2009 ou 2010

CONVOCATORIA 2022

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

www.estalmatgalicia.com



Proxecto ESTALMAT-Galicia – Facultade de Matemáticas – Universidade de Santiago de Compostela
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n - 15782 Santiago de Compostela
Tel.881813219 - 818813184 – Correo-e: estalmatgalicia@usc.es - <http://www.estalmatgalicia.com>



FACULTADE DE MATEMÁTICAS

ESTALMAT-Galicia - Convocatoria 2022

O proxecto **ESTALMAT-Galicia para Estímulo do Talento Matemático** en estudantes da nosa Comunidade Autónoma anuncia a Convocatoria 2022 da proba de selección dirixida a **estudantes nados nos anos 2008, 2009 e 2010**, que conformarán a promoción número 15.

O proxecto ESTALMAT-Galicia iniciou a súa andadura no curso 2007-2008, integrado no proxecto ESTALMAT, iniciativa da *Real Academia Española de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España*. Conta co apoio da **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, da **Axencia Galega de Innovación**, do **Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)** e da **Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC)**. Nas diferentes edicións, as **Deputacións** das catro provincias galegas apoiaron economicamente o programa e agardamos que todas se sumen para o próximo curso.

O **obxectivo** de ESTALMAT-Galicia é detectar e prestar atención a nenas e nenos con talento matemático. Trátase de desenvolver aspectos que permitan axudar a pensar en matemáticas, resolver problemas e, en definitiva, pasalo ben coas matemáticas ao tempo que se detecta e canaliza o talento matemático para mellor proveito da sociedade.

O **alumnado seleccionado** participa en actividades formativas adaptadas ao desenvolvemento do seu talento nos dous cursos seguintes, con posibilidade de continuar outro ano máis. As sesións son totalmente gratuítas para os/as participantes e teñen lugar na Facultade de Matemáticas da USC nas mañás dos sábados. Polo aprendido nos cursos da pandemia, valoramos positivamente incorporar algunhas sesións non presenciais no curso 2022-2023. As persoas responsables dos/as estudantes seleccionados/as deberán adquirir o compromiso de levalos/as e recollelos/as ao lugar onde se realicen as sesións formativas e actividades presenciais.

O **equipo académico** está composto por máis de 60 docentes de ensino medio e das tres universidades galegas das áreas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e, maioritariamente, Matemáticas.

Agradecemos un ano máis a implicación de todos os Centros da Comunidade Autónoma, tanto CPI como IES, con estudantes en idade de presentarse ás probas. Finalmente, solicitamos a súa divulgación nos Centros educativos entre o profesorado indicado, as familias e o alumnado potencialmente interesado.



No ano 2020, a proba non foi celebrada por mor da COVID-19. Este ano 2022, seguindo as decisións tomadas no 2021, o comité organizador decidiu, na súa xuntanza do 3 de maio, celebrala coas seguintes consideracións:

- Á **proba do 2022** poderán presentarse estudantes que naceron en **2008, 2009 ou 2010** e poderán ser seleccionados/as un **máximo de 30 estudantes**. Esta elección de anos de nacemento e número de seleccionados/as é para compensar que no ano 2020 non se fixese a proba.
- Para evitar as grandes concentracións por mor da **proba** e, asemade, facilitar a participación, contamos coa colaboración de tres centros de Ensino Medio para realizala: o **IES Eduardo Blanco Amor en A Coruña**, o **IES Eduardo Blanco Amor en Ourense**, o **IES Castelao en Vigo** e a **Facultade de Formación do Profesorado no Campus de Lugo**, ademais da **Facultade de Matemáticas da USC en Santiago de Compostela**.
- No formulario de inscrición, indicárase a selección da sede para realizar a proba.
- Tamén foi acordado que, á **proba do próximo ano 2023**, só poderán concorrer os/as **estudantes que naceron en 2010 e 2011** e seleccionáranse **25 estudantes**.

Inscrición

- Ábrese un **período de inscrición entre o 6 e o 30 de maio, ambos inclusive**. Moi excepcionalmente, poderán terse en conta solicitudes posteriores a esa data nos días anteriores á celebración da proba. A confirmación da inscrición enviarase ao correo das familias indicado na mesma.
- É necesario, por cuestións organizativas da proba, cumprimentar o formulario de inscrición dispoñible na páxina web do proxecto (<http://www.estalmatgalicia.com>).



Estudantes realizando a proba na Facultade de Matemáticas en Santiago de Compostela en 2019



FACULTADE DE MATEMÁTICAS



Proceso de selección

Consta de dúas fases:

- A **proba** presencial e escrita realizarase o sábado **4 de xuño de 2022**, nos Centros e Facultades xa mencionados e consistirá na resolución de problemas. Publicarase unha lista provisional con 30 estudantes seleccionados/as e unha lista de agarda por orde alfabética con 25 estudantes.
- Unha vez corrixidas as probas, levarase a cabo unha **entrevista individual** coas nenas e nenos preseleccionados na proba de aptitude, que será un máximo de 30, acompañada ou acompañado da súa nai ou o seu pai, ou titores/as, que previamente serán avisados/as persoalmente. Está encamiñada a avaliar o interese e o grao de compromiso co proxecto.
- As listas provisional e definitiva dos/as estudantes seleccionados/as farase pública en: <http://www.estalmatgalicia.com>

Toda a **información** sobre a inscrición e novidades en canto á proba de selección serán publicadas na nosa páxina web www.estalmatgalicia.com

En datas previas á da proba, faremos público na web do proxecto un pequeno **vídeo** no que a presidenta comentará cuestións de organización da proba e o funcionamento do programa.

Agradecemos o seu interese e responderemos ás dúbidas que lle poidan xurdir sobre o programa e que nos envíen á dirección electrónica: estalmatgalicia@usc.es

5 de maio de 2022

O Comité Organizador

Proxecto ESTALMAT-Galicia

